

|                                                     |                                                                                       |
|-----------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Rama de coñecemento</b>                          | Científica                                                                            |
| <b>Prazas ofertadas</b>                             | 22                                                                                    |
| <b>Créditos ECTS totais</b>                         | 60                                                                                    |
| <b>Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado</b> | 18                                                                                    |
| <b>Presencialidade</b>                              | Presencial                                                                            |
| <b>Universidades participantes</b>                  | Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e Universidade de Vigo |

## Descrición

O interese do título vén dado pola necesidade de formar profesionais capaces de competir en áreas tan dinámicas como as industrias química, farmacéutica, biomédica, produción de novos materiais, agroalimentaria, control e estudo ambiental, análise e control de calidade, fito e biosanitaria, e no campo das enerxías renovables. O mestrado ten tamén un importante perfil investigador e dá acceso ao doutoramento en Ciencias. Deste xeito, garántese o interese científico e profesional do mestrado, cuxos obxectivos específicos son os seguintes:

- Completar a formación do estudantado en campos avanzados da química e relacionados.
- Preparar para desenvolver labores de investigación, desenvolvemento e innovación en química e en áreas relacionadas, non só no plano académico senón tamén no industrial.
- Proporcionar formación en campos do exercicio profesional relativos á investigación e a outras actividades alleas a ela que configuran a actividade no ámbito empresarial.
- Contribuír á formación no ámbito práctico, proporcionándolle a opción de desenvolver na empresa ou na universidade labores específicos relacionados coa actividade en cada unha delas.

## Perfil de ingreso recomendado

- Estar en posesión de coñecementos suficientes de química analítica, química física, química inorgánica, química orgánica, bioquímica e bioloxía molecular e enxeñaría química.
- Dispoñer de coñecementos básicos de matemáticas, física e bioloxía.
- Posuír unha formación experimental suficiente para manexar materiais e para executar tarefas habituais en laboratorios químicos.
- Dispor de competencias e de habilidades relativas ao manexo das aplicacións máis comúns de ofimática.
- Posuír coñecementos de inglés suficientes para comprender clases maxistras, textos científicos, documentos, seminarios e conferencias (polo menos un nivel B1 recoñecido).
- Mostrar interese polo mestrado e demostrar capacidade de traballo.

## Saídas profesionais

Levar a cabo os labores de investigación, desenvolvemento e innovación en química e en áreas relacionadas, non só no plano académico senón tamén no industrial.

## Máis información

|                        |                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Coordinadora           | Rosana Álvarez Rodríguez                                                                                                                                                                                                                                                    |
| Páxina web do mestrado | <a href="http://miiquimica.webnode.es/">http://miiquimica.webnode.es/</a>                                                                                                                                                                                                   |
| Páxina web do centro   | <a href="http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/fac_quimica.html">http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/fac_quimica.html</a>                                                                                                     |
| Código RUCT            | 4314854                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| Enlace ao RUCT         | <a href="https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4314854&amp;actual=estudios">https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4314854&amp;actual=estudios</a> |
| Teléfono               |                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| Enderezo electrónico   | <a href="mailto:mindinvquimica@uvigo.es">mindinvquimica@uvigo.es</a>                                                                                                                                                                                                        |